

INFORME SOBRE A EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO EN NEGREIRA

Dentro da labor de medición, seguimento e análise dos datos relacionados co mercado laboral e o desenvolvemento das Políticas Activas de Emprego, o Servizo Local de Emprego do Concello de Negreira elabora o presente informe.

Negreira pechou o mes de xullo 2016 cun total de 491 desempregados, o que supón 100 personas menos en situación de desemprego que no mesmo mes do ano anterior. Un ano máis o verán é o mellor aliciente para o mercado laboral, xa que é o período no que máis emprego se crea. Nesta ocasión o dato é máis significatvo, xa que o número de desempregados baixa dos 500, feito que non ocorría dende novembro 2008.

Dende xaneiro 2009 a decembro 2015 a media de paro anual rondou os 680 desempregados. A cifra máxima acadouse en marzo 2013 con 855 desempregados inscritos nos Servizos Públicos de emprego.

Este descenso no número de desempregados en 2016 responde a unha serie de factores, entre outros:

- Mellora xeral do mercado laboral.
- Aumento de contratacións no período estival.
- Incremento de políticas activas de emprego, das que o Concello de Negreira foi beneficiaria:
 - ❖ Programas de mellora da empregabilidade da Consellería de Economía, emprego e Industria: **contratación dun socorrista**
 - ❖ Programa de subvencións a Concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico deportivo: **contratación dun socorrista**
 - ❖ Convenio ca Consellería de Medio Rural: **contratación de brigada para prevención e extinción de incendios (1 capataz, 1 peón conductor e 3 peóns)**
 - ❖ Programas de mellora da empregabilidade da Consellería de Economía, emprego e Industria para persoas beneficiarias de RISGA: **contratación de 2 xardineiros.**
 - ❖ Programa de subvencións a Concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 hab. para financiar gasto de persoal de oficinas de turismo: **contratación dun Técnico en Información turística.**
 - ❖ Programa de integración laboral da Deputación mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais: **contratación de 3 xardineiros, 2 albaneis e 1 peón de obras públicas.**

Outros programas xa aprobados pendentes de contratación:

- ❖ Plan provincial medioambiental da Deputación: **contratación de 5 peóns forestais.**
- ❖ Obradoiro de emprego: **contratación de 7 alumnos – traballadores.**